



INSTRUCCIÓN REFERENTE Á ENTREGA DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS PROPIOS

A entrega de títulos propios da UDC aos interesados carece dun procedemento específico que a regule, polo que, supletoriamente, se aplica a regulación correspondente aos títulos oficiais, con certas modificación. Parece adecuado, neste momento, elaborar una normativa específica para este tipo de títulos que permita simplificar e facilitar o trámite.

Conforme con isto, establécese que a entrega de título universitario propio poderá facerse mediante:

1. Entrega á persoa interesada, que deberá acreditar a súa identidade mediante a presentación de DNI/Pasaporte en vigor.
2. Entrega a persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade mediante a presentación de DNI/Pasaporte en vigor e a autorización para a recollida (basta un escrito en tal sentido asinado pola persoa interesada, no que debe constar nome, apelidos e DNI/Pasaporte da persoa autorizada, acompañada dunha copia do DNI/Pasaporte en vigor da persoa que autoriza).
3. Envío por correo postal con aviso de recepción á dirección que indique a persoa interesada, previo pago da taxa que aprobo o Consello Social para cada curso académico.

A Secretaria Xeral

Código Seguro De Verificación	YJd0LFBUL4Tm+qo6oGISng==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	28/02/2024 14:32:35
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YJd0LFBUL4Tm+qo6oGISng=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

